

RESUMO

do labor realizado, durante o ano 2017,
pola Xunta de Goberno da

Institución Benéfica

Cocina Económica

de Ferrol

Declarada de Utilidade Pública
por Orde de 18 de febreiro de 2011

Rubalcava, 29 - 15402 Ferrol
Tel.: 981 35 31 17 / Fax: 981 35 00 95

C.I.F. G-15029176

e-mail: ceconomica@gmail.com
www.cocinaeconomicaferrol.com

Entidade Certificada



As contas correspondentes ao exercicio 2017 (Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Memoria Económica; Memoria de Actividades; Liquidación do Orzamento do 2017 e Previsión de Ingresos e Gastos do 2018) estarán dispoñibles na páxina web (www.cocinaeconomicaferrol.com), así como en papel na oficina.

Todos aqueles doantes/socios que desexen autorizar que os seus datos persoais figuren na memoria anual publicada pola institución, poderán cubrir o **modelo de solicitude** do consentimento para a cesión de datos na oficina da entidade.

Se ata agora non recibiu o certificado para a Declaración da Renda, rogamos póñase en contacto coa nosa oficina para proceder a verificar os seus datos persoais.

Índice

O noso saúdo	páx. 6
Exposición ano 2017	páx. 7
Comidas extraordinarias	páx. 15
Plan de actividades 2017	páx. 16
Listado socios e doantes que deron consentimento para a publicación dos seus datos persoais	páx. 17
Modelo de solicitude de consentimento.....	páx. 18

Noso máis emocionado recordo, para todos os socios benefactores, colaboradores e acollidos a esta Benéfica Institución, que finaron.



Antonio Togores y Corbián

A cuxa iniciativa e cooperación débese o establecemento da Cocina Económica de Ferrol, inaugurada o 20 de setembro de 1891.

O Noso Saúdo

Un ano máis, a Xunta Directiva da Cocina Económica agradece a todos os socios a súa solidariedade e confianza con esta Asociación e coa xestión que nela facemos. Aproveitamos así mesmo a ocasión para facerlles chegar un cordial saúdo, saúdo e agradecemento que facemos extensivos a todos os nosos benefactores anónimos de Ferrol e Ferrolterra.

Tamén agradecemos ás institucións públicas o seu apoio e cooperación co noso labor.

A Xunta Directiva



1. Exposición ano 2017

O pasado ano 2017, confirma a estabilización do número de usuarios, cunha media de 90 persoas nos xantares e unhas 50 nas ceas, nunhas cifras lixeiramente superiores aos anos previos á crise. Neste contexto, xa no ano anterior, a Xunta Directiva decide finalizar os servizos de recollida, finalizando o de Narón o 1 de xaneiro e o de Ferrol o 30 de abril. Isto permítenos implementar menús de dieta para os usuarios de comedor, centrando os nosos esforzos na actividade propia da nosa asociación, que é a de servizos presenciais.

Liquidez en bancos e caixa ano 2017

Incremento Liquidez: 22.842 €

31/12/2017

343.083 €

31/12/2016

320.241 €

Esta simplificación, leva tamén unha redución de ingresos dos respectivos convenios, ao redor dos 60.000 euros, o que nos obriga a revisar os nosos balances e a vixiar especialmente os gastos fixos. Finalmente, rexístrase ao 31 de decembro un incremento de liquidez de 22.842 euros, aínda a falta de cobrar algunha subvención correspondente ao exercicio 2017, polo que podemos concluír que, o fin do ciclo marcado pola crise e a expansión de servizos, efectuouse de forma ordenada e sen crear un sobredimensionamento da nosa infraestrutura e dos nosos gastos.

No referente a investimentos, lévase a cabo a urxente substitución da cuberta da edificación superior que forma a nave anexa do canellón, onde se sitúa a entrada de mercadorías e a zona de vestiario, rebaixando o muro e colocando unha cuberta lixeira, así como a colocación dun falso teito no interior e un pintado xeral das dependencias (corredor e vestiario). En paralelo a esta obra, recolócase o cadro eléctrico, que estaba situado no patio, instalándoo no interior deste corredor. O custo destas obras foi de, 27.300 euros a renovación de cuberta e de 6.269 euros a renovación e recolocación do cadro eléctrico.



Unha boa parte da nosa actividade, ao longo de todo o ano, centrouse na campaña de captación de socios, desenvolvéndose distintas actividades e iniciativas, tanto para dar a coñecer a nosa Asociación e a tarefa que desenvolve en prol dos máis desfavorecidos, como para concienciar ás xeracións máis novas. Estes esforzos víronse compensados coa incorporación de 62 novos socios durante o pasado 2017, cifra que aínda que é alentadora, non é suficiente para compensar a tendencia xeral negativa, obrigándonos a manter esta campaña activa de maneira indefinida.

Co fin de mellorar o noso funcionamento e de garantir a eficiencia, no marco da seguridade xurídica, a Xunta Directiva encargou á Asesoría Cardona Avogados a elaboración duns Estatutos e un Regulamento de Réxime Interno renovados, que sen cambiar a esencia dos seus principios, completasen e actualizasen os aspectos que podían ser necesarios, concretando aqueles aspectos que eran insuficientes ou ambiguos. Estas modificacións fanse desde as premisas de mínima intervención e de garantía de dereitos, tanto de socios, como de usuarios. As propostas dos devanditos textos, que contan co aval e visto e praxe do Servizo de Inspección da Consellería de Política Social, están dispoñibles na nosa páxina web e, en papel, na nosa oficina para aqueles socios que o soliciten.



Informe de área social, servizos de comedor e recollida, voluntariado e outros datos de interese.

Servizos de inscrición, valoración e de atención social a persoas usuarias:

508 persoas usuarias en 2017

219 novas demandas

O servizo de comedor social foi utilizado por 508 persoas, 219 das cales o fan por primeira vez. A media de idade destes novos usuarios é de 44 anos, manténdose practicamente igual que en 2016.

93
Entrevistas

“para intervencións sociais ante itinerarios personalizados e/ou para garantir a continuidade de cumprimento de requisitos económicos e sociais”

Ademais da atención prestada ante as acollidas, tanto en persoas de nova admisión como noutras anteriormente rexistradas pero de longa ausencia, así como as entrevistas realizadas; as intervencións son constantes en función das necesidades persoais. Considérase especialmente relevante tratar, non só as necesidades de alimentación, senón outra serie de necesidades sociais que poden afectar a estes usuarios e que están vinculadas a situacións deficitarias ou de risco. Por este motivo, débese garantir o coñecemento da realidade de persoas en risco ou situación de exclusión social desde o momento inicial, para poder valorar a necesidade de intervención social adecuada a cada situación.


En 2017 convocouse a mesa de traballo e coordinación de persoas sen fogar, formada por membros de entidades sociais, da área sanitaria e da área municipal de Benestar Social. A evolución desta iniciativa permite poñer en marcha os medios e coordinación necesaria para a posta en común ante a xestión de recursos e solucións na atención a persoas sen fogar.

Servizo comedor:

O total de persoas usuarias anuais de comedor (508) reduciuse un 9% con respecto ao ano anterior, continuando cunha liña de decrecemento, pero cada vez menos significativa ao revisar a evolución nos últimos anos.

Debido a incumprimentos do Regulamento de Réxime Interno, causando graves prexuízos na prestación dos servizos, a entidade suspendeu a 3 persoas usuarias.

GRÁFICO 1: Datos persoas usuarias servizo comedor 2017.



508 Persoas usuarias

Fonte: rexistro persoas usuarias entidade. Elaboración propia. 2017.

A comparativa de persoas usuarias segundo sexo permanece na mesma liña dos últimos tres anos, do mesmo xeito que a porcentaxe da súa orixe, que é nun 76% de orixe española.

O perfil de usuario mantense igual: varón de mediana idade, español, en desemprego e con prestacións ou pensións mínimas, sen apoio familiar ou con relacións rotas ou deterioradas.

Os homes, ó perfil social

As enquisas de satisfacción realizadas a persoas usuarias resultaron cunha porcentaxe positiva dun 86% en satisfacción global, sendo o resto de porcentaxes en relación ás preguntas consultadas (comida, trato, limpeza, etc) cuns resultados maioritarios da resposta máis positiva. En relación ás propostas ou suxestións, respondidas a través da circular informativa publicada, téñense en conta e levan a cabo as que se valoran como adecuadas.

Dende o 2017 incorpórase a figura do representante de persoas usuarias, formando parte do Comité de Calidade que, do mesmo xeito que o resto de grupos de interese, está presente nas reunións celebradas.

A túa voz sí conta

Neste ano tamén se estableceu un menú de dieta baixo en sal e graxas, para todas aquelas persoas con problemas de saúde que o soliciten e xustifiquen. Desta forma, poderanse reducir os impactos negativos na realidade de saúde das persoas en risco ou situación de exclusión social, considerando que unha axeitada alimentación representa un beneficio e que a propia dieta podería causar efectos favorables na poboación atendida.

Servizo de recollida:

Como xa se adiantou na anterior memoria do 2016, a Xunta Directiva tomou a decisión de poñer fin a este servizo, resolución motivada principalmente por considerar que as características do propio servizo non se adaptaban á atención necesaria para as familias, mingando ademais a capacidade persoal.

Co prazo de antelación necesario, o Concello de Ferrol solicitou unha prórroga do servizo para poder buscar alternativa a este recurso e dar solución ás familias beneficiarias do mesmo, polo que finalmente prestouse ata abril do 2017, cun total de 9.911 racións ofrecidas.



Racións anuais 2017 e comparativas anos anteriores:

TÁBOA 1: Racións e medias 2017/servizo.

	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xun.	Xull.	Ago..	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Comedor mediodía	2691	2824	3362	2953	2885	2877	2794	2791	2860	2817	2790	2713
Comedor mediodía MEDIA	87	101	108	98	93	93	90	90	95	91	90	88
Recollida Ferrol	2665	2334	2499	2413								
Total mediodía	5356	5158	5861	5366								
Media Mediodía	173	184	189	179								
Ceas	1567	1739	1950	1910	1727	1517	1698	1684	1807	1813	1673	1657
Medias ceas	51	62	63	64	56	51	55	54	60	58	56	53
Total	6923	6897	7811	7276	4612	4394	4492	4475	4667	4630	4463	4370
Media final	223	246	252	243	149	146	145	144	151	149	144	141

Fonte: Rexistro racións diarias. Elaboración propia. 2017.

Total anual: **65.010** racións. Media diaria **178**.

Total anual comedor: **55.099** racións. Media diaria **151**.

TÁBOA 2: Comparativa 2015 a 2017 racións según servizos.

	2015	2016	2017
Servizo recollida	42.981	42.543	9.911
Servizo comedor, mediodía	41.606	34.437	34.357
Servizo comedor, ceas	27.865	20.525	20.742
Total	112.452	97.505	65.010

Fonte: Rexistro racións diarias. Elaboración propia. 2017.

Para poder realizar unha comparativa eficaz, debemos escoller as cifras do servizo de comedor, xa que o total final está influenciado pola supresión do servizo de recollida, o cal só se prestou durante o primeiro cuadrimestre do ano. As cifras dende o 2016 tenden a estabilizarse, sendo o dato máis relevante un aumento nas ceas de persoas foráneas con curta asistencia, en contraposición coa redución de persoas usuarias.

TÁBOA 3: Histórico racións 2008 a 2017.

Anos	Racións anuais	Observacións	Medias anuais	Incremento anual
2008	35.171		96	---
2009	52.680		144	49,78%
2010	61.376		168	16,51%
2011	71.931		197	17,20%
2012	94.272	Non inclue merendas/ceas	258	31,06%
2013	123.846		339	31,37%
2014	111.844		306	-9,69%
2015	112.452		308	0,5%
2016	97.505		267	-13,30%
2017	65.010	Diminución motivada pola supresion servizo recollida dende 2º cadrimestre ano	178	-33,32%

Fonte: Rexistro racións diarias. Elaborado polo Tesoureiro Xunta Directiva. 2017.

Voluntariado.

Ao longo do pasado ano 2017, puidemos contar con 63 persoas voluntarias, sendo 47 o número a peche de ano.

**Un equipo en crecemento
- 47 voluntarios -**

Ademais das tarefas propias do servizo de comedor, en comidas ou ceas, contou co apoio destes voluntarios para actividades de captación de socios:

- Xestionadas de maneira interna (campaña captación de socios en vía pública e repartición de material de difusión en establecementos; campaña informativa en AKÍ).
- A demanda de entidades, organizadores de actividades, ou actos a beneficio da CEF (Exposición "Inspirados polo viño", Conservatorio de Música Xan Viaño).

Un voluntario formado

É primordial o compromiso cara ás persoas voluntarias, como membros da Asociación, na súa participación e formación.

A formación ofrecida e impartida para voluntariado centrouse na formación no uso de Desfibrilador e na Prevención da violencia na contorna laboral e voluntariado social.

As enquisas de satisfacción realizadas a persoas voluntarias resultaron na pregunta de satisfacción global cunha porcentaxe dun 56% en moi ben e un 37% en ben, o cal é positivo pero débenos de continuar dando decisión para continuar mellorando, analizando tamén outros datos como son suxestións, etc.

Logros/éxitos conseguidos:

- Instalación de desfibrilador externo semiautomático (Desa), que se atopa situado no comedor.
- Renovación do selo Ong acreditada a través de Fundación Lealtad, co cumprimento de Principios de Transparencia e Boas Prácticas.
- Resultado favorable da auditoría bienal de Protección de Datos de carácter Persoal, segundo a L.O. e o R.D. correspondentes.
- Venda de produtos solidarios (camisetas e bolsas) con motivo da campaña de captación de socios, para difusión e publicidade da CEF.

Elaborado por:

María Sanjuán
Coordinadora da Cocina Económica de Ferrol
Traballadora social

2. Comidas extraordinarias.*

Festividade de Ano Novo

Festividade de Reis

Festividade de San Xiao

Martes de Entroido

Festa do Sagrado Corazón
(Patrón da Cocina Económica)

Festividade de Noiteboa

Festividade de Nadal

Festividade de Fin de Ano

* As comidas correspondentes aos días indicados se fixeron a base dos pratos típicos para as festas sinaladas.



3. Plan de actividades do 2018.

O Plan de Actividades do presente ano 2018 ten por obxecto, tanto dar cumprimento ao Obxectivo de Calidade establecido polo Comité e aprobado pola Xunta Directiva, como mellorar a seguridade xurídica e a funcionalidade do noso ordenamento interno e protexer de maneira eficaz o patrimonio cultural do que a nosa Asociación é depositaria

Do mesmo xeito que o pasado ano 2017, dáse continuidade ao obxectivo prioritario e urxente de captación de socios, que segue sendo, no ámbito de depresión xa descrito da comarca, o punto máis falible para a organización a medio e longo prazo. Para este fin, implementaranse diversas actividades e campañas ao longo do ano.

Ademais, procuraranse conseguir outras dúas metas ao longo do presente ano 2018: a reforma dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno da CEF e a catalogación por Patrimonio do edificio sede da Institución.

Tanto o presente Plan, como o Obxectivo de Calidade, poderán variar en función das necesidades e circunstancias que poidan xurdir ao longo do presente ano.

Pola Xunta Directiva
O Presidente

4. Listaxe de socios e doantes que deron consentimento para a publicación dos seus datos persoais.

(lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro).

ALVAREZ RODRIGUEZ EUGENIA.....	70,00 €
BISNIETO DE TOGORES Y CORBIAN.....	50,00 €
CARBALLEIRA TENREIRO MANUEL ANDRES	60,00 €
EN MEMORIA DE FRANCISCO, JOSEFINA Y LOLA.....	240,00 €
IGLESIA EVANGELICA, HERMANOS (CALLE SARTAÑA)	200,00 €
RODRIGUEZ GARCIA ROGELIO	72,00 €
RODRIGUEZ VIDAL ALVARO.....	72,00 €
RODRIGUEZ-VILLASANTE PRIETO.....	360,60 €
SANCHEZ ROMERO JULIA	100,00 €
VAL RODRIGUEZ Mª ESTHER	24,00 €





C/ Rubalcava 29, 15402 Ferrol
Tlfn: 981353117/Fax: 981350095
E-mail: ceconomica@gmail.com
Web: www.cocinaeconomicaferrol.com

Modelo de solicitude de consentimento para a cesión de datos de Doantes/Socios

D./Dna. _____ (en diante o interesado) con D.N.I. _____ e con domicilio en _____ maior de idade, manifesta que realizou unha aportación económica á INSTITUCIÓN BENÉFICA COCINA ECONÓMICA de FERROL en concepto de:

(marcar cun X o tipo de aportación)

- DONATIVO**, sendo informado de que os seus datos de carácter persoal pasarán a formar parte do ficheiro denominado DOANTES propiedade da Institución utilizado para a xestión das achegas.
- COTA DE SOCIO**, sendo informado de que os sus datos de carácter persoal pasarán a formar parte do ficheiro denominado SOCIOS propiedade da Institución utilizado para a xestión das achegas.

Asemade, o interesado presta o seu consentimento expreso á INSTITUCIÓN BENÉFICA COCINA ECONÓMICA FERROL para a cesión dos datos persoais contidos nos ficheiros Doantes e Socios co obxecto de figurar na memoria anual publicada pola Institución. Asemade fica informado/a da posibilidade de exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no seguinte enderezo: **R/Rubalcava, 29. Ferrol (A Coruña).**

A Institución en ningún caso será responsable da licitude, veracidade e exactitude dos datos proporcionados. Fica baixo a súa exclusiva responsabilidade a notificación de calquera modificación nos mesmos.

Asinado:

En Ferrol, a ____ de ____ de _____.



Substitución da cuberta.



Exterior: se rebaixa o muro e se coloca unha cuberta lixeira

Reformas no interior.



Interior: colocación de un falso teito e pintado xeral.